

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Renda e Exaccións

*Modificación da ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixos e residuos urbanos do Concello de Arteixo*

##### ANUNCIO

#### APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXOS E RESIDUOS URBANOS DO CONCELLO DE ARTEIXO

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 27 de abril de 2023, tomou, entre outros, o acordo de aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal nº 14 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXOS E RESIDUOS URBANOS DO CONCELLO DE ARTEIXO.

Publicáronse anuncios de exposición pública no taboleiro de edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia (05-05-2023) e en La Voz de Galicia de 03-05-2023, e non presentándose reclamacións durante o prazo conferido ao efecto, se entende elevada a definitiva a aprobación provisional da Ordenanza, tal e como se sinalaba no anuncio previo de exposición pública. Isto de conformidade co artigo 17.3 do Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo.

Polo tanto, segundo o disposto no artigo 17.4 do indicado texto refundido, procédese á publicación do acordo elevado a definitivo e do texto íntegro da ordenanza fiscal definitivamente aprobada para a súa entrada en vigor.

RECURSOS PROCEDENTES: Contra a aprobación definitiva da modificación da ordenanza, poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do T.S.X. de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

#### ORDENANZA FISCAL Nº 14 (TEXTO ÍNTEGRO)

#### ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXOS E RESIDUOS URBANOS DO CONCELLO DE ARTEIXO

##### Artigo 1º.- Fundamento e natureza

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación cos artigos 149 e seguintes e 137 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Arteixo establece a taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixos e residuos urbanos.

##### Artigo 2º.- Feito Impoñible

2.1. Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, así como locais recreativos ou de culto ou de actividades de venda ambulante.

2.2. A estes efectos, se consideran lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos os establecidos na Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos e Solos contaminados, os restos e desperdicios de alimentación, ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e se exclúen de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos, ou a recollida dos cales esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

2.3. Así mesmo consideraráse realizado o feito impoñible naqueles inmobles de uso residencial que estean en condicións de habitabilidade, que dispoñan ou non de auga potable ou outros subministrados, con independencia de que estean ou non habitadas e nos inmobles onde se exercen actividades económicas, susceptibles de seren obxecto de gravame polo IAE ou outros tributos, ou existindo aparencia exterior de realización dunha actividade económica. Tódalas edificacións

onde non conste realizada a división horizontal, ou non estivesen refrexadas de forma segregada ou non figuren no catastro inmobiliario, liquidaránse por tantas cotas coma inmobles únicos e de uso independente resulten.

En calquera caso estarán suxeitos ó abono da taxa os inmobles nos que se efectuasen obras de adecuación, sen a preceptiva licencia (sen perxuízo da responsabilidade urbanística na que se puidera incorrer), así como nos inmobles onde se veña exercendo actividade, calquera que sexa a súa situación urbanística ou catastral.

2.4. A prestación e recepción do servizo de recollida e tratamento de lixos e residuos urbanos considérase de carácter xeral e obrigatorio.

2.5. As altas no Padrón da taxa, poderánse producir a partires da información contida no catastro inmobiliario, datos do IAE, ou calquera outra fonte a que teña acceso esta Administración.

### Artigo 3º.- Suxeito Pasivo.

3.1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen ou sexan susceptibles de utilizaren vivendas e locais emprazados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas radicados no termo municipal de Arteixo, nos que se preste o servizo de recollida, transporte e tratamento de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos polo Concello de Arteixo. Dita ocupación ou

utilización entenderáse sempre realizada, xa sexa a título de propietario, usufructuario, habitacionista, arrendatario ou mesmo en precario.

3.2. Cando se trate de servizos prestados previa solicitude, será suxeito pasivo o solicitante, ou causante da prestación.

No caso de viendas ou locais presumirásese que é suxeito pasivo o titular do abono ó servizo, e, no caso de establecementos nos que se realicen actividades económicas, a persoa física ou xurídica que figura como suxeito pasivo no Imposto de Actividades Económicas e nos restantes tributos municipais que graven ou poidan gravar a actividade desenvolvida.

3.3. Terán a condición de suxeito pasivo sustituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

### Artigo 4º.- Tarifas.

#### 4.1. Tarifas

1. Vivendas	EUROS/ANO
1.1. Recollida	98,00€
2. Cafeterías	EUROS/ANO
2.1. Ata 75 m2	262,44 €
2.2. De 76 m2 a 150 m2	308,08 €
2.3. Máis de 150 m2	410,76 €
3. Bares, tabernas, mesóns e análogos	EUROS/ANO
3.1. Ata 75 m2	184,36 €
3.2. De 76 m2 a 150 m2	213,32 €
3.3. Máis de 150 m2	302,80 €
4. Restaurantes	EUROS/ANO
4.1. Ata 150 m2	513,48 €
4.2. De 151 m2 a 300 m2	770,20 €
4.3. De 301 m2 a 500 m2	924,20 €
4.4. Máis de 500 m2	1.283,64 €
4.5. Por cada colector do lixo	741,68 €

5. Supermercados e asimilados	EUROS/ANO
5.1. Ata 150 m2	355,44 €
5.2. De 151 m2 a 300 m2	770,16 €
5.3. De 301 m2 a 500 m2	1.421,84 €
5.4. Máis de 500 m2	1.777,28 €
5.5. Por cada colector do lixo	741,68 €
6. Tendas, ultramarinos, comercio en xeral, e outros servicios non expresamente tarifados	EUROS/ANO
6.1. Ata 75 m2	201,92 €
6.2. De 76 m2 a 150 m2	252,32 €
6.3. De 151 m2 a 300 m2	302,76 €
6.4. Máis de 300 m2	403,72 €
6.5. Por cada colector do lixo	741,68 €
7. Whisquerías e clubs	EUROS/ANO
	1.348,04 €
8. Discotecas, pubs, salóns de baile, cines e similares	EUROS/ANO
8.1. Ata 100 m2	521,32€
8.2. De 101 m2 a 300 m2	568,72 €
8.3. Máis de 300 m2	663,52 €
9. Hoteis, hostais , moteis e casas de hospedaxe	EUROS/ANO
9.1. Hoteis, hostais e moteis (por habitación)	20,28 €
9.2. Casas de hospedaxe e establecementos análogos (por habitación)	14,48 €
10. Despachos profesionais, Entidades financeiras e Entidades aseguradoras	EUROS/ANO
10.1. Ata 30 m2	156,40 €
10.2. De 31 m2 a 100 m2	243,32 €
10.3. De 101 m2 a 200 m2	278,08 €
10.4. De 201 m2 a 300 m2	337,96 €
10.5. Mais de 300 m2	539,00 €
11. Farmacias, parafarmacias e similares	EUROS/ANO
	304,08 €
12. Almacéns	EUROS/ANO
12.1. Ata 30 m2	125,84 €
12.2. De 31 m2 a 100 m2	231,42 €
12.3. De 101 m2 a 200 m2	308,96 €
12.4. De 201 m2 a 400 m2	347,56 €
12.5. De 401m2 a 1000 m2	415,16 €
12.6. De 1001 m2 a 5000 m2	936,48 €
12.7. Máis de 5000 m2	1.255,00€
12.8. Por cada colector do lixo	674,00 €
13. Industrias, fábricas, talleres	EUROS/ANO
13.1. Ata 30 m2	125,84 €
13.2. De 31 m2 a 100 m2	243,32 €
13.3. De 101 m2 a 200 m2	386,16 €
13.4. De 201 m2 a 400 m2	434,48 €
13.5. De 401m2 a 1000 m2	521,32 €
13.6. De 1001 m2 a 5000 m2	936,48 €
13.7. Máis de 5000 m2	1.544,72 €
13.8. Por cada colector de lixo	674,00 €
14. Vendedores ambulantes e quioscos na vía pública	EUROS/ANO
	125,84 €

15. Hospitais, Clínicas, Xeriátricos Residencias, Centros de Día e Consultas	EUROS/ANO
15.1. Ata 30 m2	148,75 €
15.2. De 31 m2 a 100 m2	231,42 €
15.3. De 101 m2 a 200 m2	469,20 €
15.4. Máis de 200 m2 e ata 15 camas	642,52 €
15.5. Máis de 200 m2 e máis de 16 camas	642,52€ + 15,84 €/cama
16. Centros de ensino	EUROS/ANO
16.1. Ata 100 m2 (Academias)	159,28 €
16.2. De 101 m2 a 300 m2	477,80 €
16.3. De 301 m2 a 1000 m2	597,16 €
16.4. Máis de 1000 m2	1.194,36 €
17. Outros non clasificados	EUROS/ANO
17.1. Gasolineiras	770,20 €
17.2. Tanatorios	711,00 €
17.3. Matadoiros:	
17.3.1. Ata 300 m2	434,48 €
17.3.2. Máis de 300 m2	651,72 €
17.4. Campamentos (por parcela)	17,36 €
17.4.1. Se ademais ten hotel (por habitación)	20,28 €
17.4.2. Se ademais ten restaurante ata 150 m2	513,48 €
17.4.3. Se ademais ten restaurante de 151 m2 a 300 m2	770,20 €
17.4.4. Se ademais ten restaurante de 301 m2 a 500 m2	924,20 €
17.4.5. Se ademais ten restaurante de máis de 500 m2	1.283,64 €
17.4.6. Por cada colector de lixo	741,68 €
17.5. Aparcadoiros e garaxes de uso público	434,48 €
17.6. Outros non clasificados	125,84 €
17.7. Portos, aeroportos	1.684,96 €
17.8. Servizos de xardíns. Podas	198,96 €
18. Clubs deportivos e sociais.	EUROS/ANO
18.1. Ata 500 m2	134,80 €
18.2. De 501 m2 a 1000 m2	674,00 €
18.3. Máis de 1001 m2	1.684,96 €
19. Mercados municipais	EUROS/ANO
19.1. Ata 75 m2	201,92 €
19.2. De 76 m2 a 150 m2	252,32 €
19.3. De 151 m2 a 300 m2	302,76 €
19.4. Máis de 300 m2	403,72 €
19.5. Por cada colector do lixo	741,68 €

#### 4.1. Normas de aplicación.

4.2.1. Para a aplicación das tarifas consideraráse a superficie computable declarada ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) ao realizar a declaración censal do Imposto de Actividades Económicas e afectada á realización da actividade. Se non se exixira por non ser un elemento tributario a considerar, terase en conta a superficie construída do local pola que tributa no Imposto de Bens Inmóbles, excluíndose únicamente aquela superficie onde non existan edificacións ou construción e instalacións, sempre que tampouco se ocupen ou utilicen para almacéns, depósitos ou aparcamentos.

4.2.2. Centros de ensino. A superficie computable será, para este epígrafe, a ocupada polas aulas nas que se imparta ou se poda impartir a ensinanza, e, caso de ter internado, incluírase tamén a superficie destinada a dormitorios, comedores e coziñas. Non se incluírá a superficie ocupada por patios, corredores e instalacións deportivas.

4.2.3. Excluíndo os inmóbles de uso residencial, no caso de realización de dous ou máis feitos impositivos nun mesmo inmóble, realizadas por empresas do mesmo grupo, entenderase que é obxecto de tributación aquel ao que corresponda a tarifa de maior contía e polos metros que resulten dos apartados anteriores, segundo figure no IAE, agás nos epígrafes 9.1., hoteis, hostais e moteis e 9.2, Casas de hospedaxe e establecementos análogos, nos que serán obxecto de tributación tódolos feitos impositivos que se desenvolvan no mesmo local. No caso de realización de dous ou máis feitos impositivos

nun mesmo inmovible, realizados por empresas de distinto grupo, entenderase que é obxecto de tributación cada empresa e polos metros obtidos do apartado 4.2.1.

4.2.4. No caso de realización dunha actividade económica nun inmovible de uso residencial, entenderáse que é obxecto de tributación tanto a vivenda como a respectiva actividade económica. Se os metros afectos á actividade supoñen un 30% ou menos dos metros considerados na ficha de datos catastrais, no referente á actividade poderáse aplicar a tarifa 17.6 de outros non clasificados.

4.2.5. No caso de poderense aplicar dúas tarifas nun mesmo local (por metros ou colectores) entenderáse de aplicación aquela tarifa que corresponda á de maior contía.

#### **Artigo 5º. Cobro.**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento no que se inicie a prestación do servizo, o que dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, enténdese cando estea establecido e en funcionamento. O servizo enténdese prestado en todo o territorio do Concello de Arteixo.

No primeiro semestre de 2018, no caso de non poder iniciar a prestación do servizo o día 1 de xaneiro de 2018, a aprobación do primeiro Padrón será polos días prorrateados do semestre, segundo a prestación efectiva do servizo.

As cotas devengaránse o primeiro día de cada semestre natural, agás que o devengo da Taxa (primeira cota) se produciase con posterioridade a dita data; nese caso, a primeira cota devengarase o primeiro día do semestre seguinte.

No caso de cesamento da actividade, a baixa producirase con efectos do semestre seguinte.

#### **Artigo 6º.- Declaración e ingreso.**

6.1. A xestión do cobro das cotas efectuarase semestralmente polo concello. A recadación executiva efectuarase pola Excmá Deputación Provincial de A Coruña, según as Bases de delegación de competencias vixentes.

Cando se coñeza, xa sexa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación de datos que figuran na matrícula, se levarán a cabo nesta as modificacións correspondentes, que producirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ao da data nas que se teña efectuado a declaración.

#### **Artigo 7º.- Infraccións e sanción.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, se estará ao disposto na Lei Xeral Tributaria.

#### **Disposición Final**

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 21 de decembro de 2017. Foi modificada posteriormente polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 10 de outubro de 2019, 29 de setembro de 2020, 26 de novembro de 2020, 31 de marzo de 2021 e 31 de marzo de 2022.

A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 27 de abril de 2023, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

#### **Disposición Adicional**

Cando, por cumprirse as circunstancias previstas no número 3.bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, a persoa titular da Consellería competente en materia de residuos establece unha bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos, e o Concello de Arteixo decida acollerse á dita medida, o importe equivalente ao da dita bonificación minorarase, de xeito proporcional, da cota tributaria que corresponda a cada un dos obrigados ao pago da taxa no exercicio da súa aplicación.

A redución terá efectos de 1 de xaneiro, facéndose efectivo o dereito á mesma e, polo tanto, practicándose sobre os recibos individuais do padrón, no primeiro e segundo semestre. O cadro de tarifas e reducións para o exercicio 2023 será o que se inclúe como anexo I.

## ANEXO I. COTA TRIBUTARIA RESULTANTE PARA O EXERCICIO 2023

	€/ano 2018 ANTES	€/ ano 2023 DESPOIS da Bonificación
	Bonificación	
1. Vivendas	EUROS/ANO	
1.1. Recollida	98,00 €	91,88€
2. Cafeterías	EUROS/ANO	
2.1. Ata 75 m2	262,44 €	246,00 €
2.2. De 76 m2 a 150 m2	308,08 €	288,78€
2.3. Máis de 150 m2	410,76 €	385,06€
3. Bares, tabernas, mesóns e análogos	EUROS/ANO	
3.1. Ata 75 m2	184,36 €	172,82€
3.2. De 76 m2 a 150 m2	213,32 €	199,98€
3.3. Máis de 150 m2	302,80 €	283,84€
4. Restaurantes	EUROS/ANO	
4.1. Ata 150 m2	513,48 €	481,34€
4.2. De 151 m2 a 300 m2	770,20 €	722,00€
4.3. De 301 m2 a 500 m2	924,20 €	866,36€
4.4. Máis de 500 m2	1.283,64 €	1.203,28 €
4.5. Por cada colector do lixo	741,68 €	695,24 €
5. Supermercados e asimilados	EUROS/ANO	
5.1. Ata 150 m2	355,44 €	333,20 €
5.2. De 151 m2 a 300 m2	770,16 €	721,96 €
5.3. De 301 m2 a 500 m2	1.421,84 €	1.332,82 €
5.4. Máis de 500 m2	1.777,28 €	1.666,02 €
5.5. Por cada colector do lixo	741,68 €	695,24 €
6. Tendas, ultramarinos, comercio en xeral, e outros servizos non expresamente tarifados	EUROS/ANO	
6.1. Ata 75 m2	201,92 €	189,28 €
6.2. De 76 m2 a 150 m2	252,32 €	236,52 €
6.3. De 151 m2 a 300 m2	302,76 €	283,82 €
6.4. Máis de 300 m2	403,72 €	378,46 €
6.5. Por cada colector do lixo	741,68 €	695,24 €
7. Whisquerías e clubs	EUROS/ANO	
	1.348,04 €	1.263,64 €

	€/ano 2018 ANTES	€/ ano 2023 DESPOIS da Bonificación
	Bonificación	
8. Discotecas, pubs, salóns de baile, cines e similares	EUROS/ANO	
8.1. Ata 100 m2	521,32 €	488,70 €
8.2. De 101 m2 a 300 m2	568,72 €	533,12 €
8.3. Máis de 300 m2	663,52 €	621,98 €
9. Hoteis, hostais , moteis e casas de hospedaxe	EUROS/ANO	
9.1. Hoteis, hostais e moteis (por habitación)	20,28 €	19,00 €
9.2. Casas de hospedaxe e establecementos análogos (por habitación)	14,48 €	13,56 €
10. Despachos profesionais, Entidades financeiras e Entidades aseguradoras	EUROS/ANO	
10.1. Ata 30 m2	156,40 €	146,62 €
10.2. De 31 m2 a 100 m2	243,32 €	228,10 €
10.3. De 101 m2 a 200 m2	278,08 €	260,66 €
10.4. De 201 m2 a 300 m2	337,96 €	316,80 €
10.5 Mais de 300 m2	539,00 €	505,26 €
11. Farmacias, parafarmacias e similares	EUROS/ANO	
	304,08 €	285,04 €
12. Almacéns	EUROS/ANO	
12.1. Ata 30 m2	125,84 €	117,96 €
12.2. De 31 m2 a 100 m2	231,42 €	216,92 €
12.3. De 101 m2 a 200 m2	308,96 €	289,62 €
12.4. De 201 m2 a 400 m2	347,56 €	325,80 €
12.5. De 401m2 a 1000 m2	415,16 €	389,16 €
12.6. De 1001 m2 a 5000 m2	936,48 €	877,86 €
12.7. Máis de 5000 m2	1.255,00 €	1.176,44 €
12.8. Por cada colector do lixo	674,00 €	631,82 €
13. Industrias, fábricas, talleres	EUROS/ANO	
13.1. Ata 30 m2	125,84 €	117,96 €
13.2. De 31 m2 a 100 m2	243,32 €	228,10€
13.3. De 101 m2 a 200 m2	386,16 €	362,00 €
13.4. De 201 m2 a 400 m2	434,48 €	407,28 €
13.5. De 401m2 a 1000 m2	521,32 €	488,70 €
13.6. De 1001 m2 a 5000 m2	936,48 €	877,86 €
13.7. Máis de 5000 m2	1.544,72 €	1.448,02 €
13.8. Por cada colector de lixo	674,00 €	631,82 €
	EUROS/ANO	

	€/ano 2018 ANTES	€/ ano 2023 DESPOIS da Bonificación
	Bonificación	
14. Vendedores ambulantes e quioscos na vía pública	125,84 €	117,96 €
15. Hospitais, Clínicas, Xeriátricos Residencias, Centros de Día e Consultas	EUROS/ANO	
15.1. Ata 30 m2	148,75 €	139,44 €
15.2. De 31 m2 a 100 m2	231,42 €	216,92 €
15.3. De 101 m2 a 200 m2	469,20 €	439,84 €
15.4. Máis de 200 m2 e ata 15 camas	642,52 €	602,30 €
15.5. Máis de 200 m2 e máis de 16 camas	642,52€ + 15,84 €/cama	602,30 € + 14,86€ €/cama
16. Centros de ensino	EUROS/ANO	
16.1. Ata 100 m2 (Academias)	159,28 €	149,32 €
16.2. De 101 m2 a 300 m2	477,80 €	447,90 €
16.3. De 301 m2 a 1000 m2	597,16 €	559,78 €
16.4. Máis de 1000 m2	1.194,36 €	1.119,58 €
17. Outros non clasificados	EUROS/ANO	
17.1. Gasolineiras	770,20 €	722,00 €
17.2. Tanatorios	711,00 €	666,48 €
17.3. Matadoiros:		
17.3.1. Ata 300 m2	434,48 €	407,28 €
17.3.2. Máis de 300 m2	651,72 €	610,92 €
17.4. Campamentos (por parcela)	17,36 €	16,26 €
17.4.1. Se ademais ten hotel (por habitación)	20,28 €	19,00 €
17.4.2. Se ademais ten restaurante ata 150 m2	513,48 €	481,34 €
17.4.3. Se ademais ten restaurante de 151 m2 a 300 m2	770,20 €	722,00 €
17.4.4. Se ademais ten restaurante de 301 m2 a 500 m2	924,20 €	866,36 €
17.4.5. Se ademais ten restaurante de máis de 500 m2	1.283,64 €	1.203,28 €
17.4.6. Por cada colector de lixo	741,68 €	695,24 €
17.5. Aparcadoiros e garaxes de uso público	434,48 €	407,28 €
17.6. Outros non clasificados	125,84 €	117,96 €
17.7. Portos, aeroportos	1.684,96 €	1.579,48 €
17.8. Servizos de xardíns. Podas	198,96 €	186,52 €
18. Clubs deportivos e sociais.	EUROS/ANO	
18.1. Ata 500 m2	134,80 €	126,36 €
18.2. De 501 m2 a 1000 m2	674,00 €	631,82 €
18.3. Máis de 1001 m2	1.684,96 €	1.579,48 €
19. Mercados municipais	EUROS/ANO	
19.1. Ata 75 m2	201,92 €	189,28 €



	€/ano 2018 ANTES	€/ ano 2023 DESPOIS da Bonificación
	Bonificación	
19.2. De 76 m2 a 150 m2	252,32 €	236,52 €
19.3. De 151 m2 a 300 m2	302,76 €	283,82 €
19.4. Máis de 300 m2	403,72 €	378,46 €
19.5. Por cada colector do lixo	741,68 €	695,24 €

Arteixo, 21 de xuño de 2023

Asinado: Carlos calvelo Martínez (Alcalde-Presidente)

2023/5097